



**RESOLUCIÓN do Director Xeral de Xustiza do 29/06/2021, pola que se resolve a convocatoria de provisión temporal de postos de traballo mediante o sistema de substitución.**

Con data 22/06/2021 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre funcionarios dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

**DISPOÑO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adjudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 22/06/2021.

**SEGUNDO.-** A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada na presente resolución e no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adjudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico ([servicio.persoal.xustiza@xunta.gal](mailto:servicio.persoal.xustiza@xunta.gal)) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adjudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

**TERCEIRO.-** O gozo dos permisos ou vacacións que os adjudicatarios/as teñan autorizados no posto dende o que participou queda supeditado á súa confirmación polo/a superior funcional da unidade de destino.

**CUARTO.-** Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adjudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





## ANEXO I

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. do Social n. 4 A Coruña</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Maria Mercedes Sánchez Ferreño		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	A Coruña	Corpo:	CTPA
Data de inicio da substitución:	02/07/2021		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. de Paz Monterroso</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Ana Fontao García		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Lugo	Corpo:	CXPA
Data de inicio da substitución:	01/07/2021		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. de Paz Ribadeo</b>		
Motivo da desocupación:	Licenza por enfermidade	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. 1ª Instancia n. 1 Vigo</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Carmen Justo Correia		
Localidade de destino do/a adxudicatario/a:	Vigo	Corpo:	CTPA
Data de inicio da substitución:	05/07/2021		

<b>Órgano xudicial da desocupación:</b>	<b>Xdo. 1ª Instancia n. 1 Vigo</b>		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Sen peticións		

